



Declaración de AGAPEMA sobre as Bases do Decreto do Plurilingüismo no Ensino non Universitario de Galicia

A Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA), reunida en Asemblea Ordinaria o 6 de febreiro de 2010, ante a exposición pública das Bases do Decreto do Plurilingüismo no Ensino non Universitario de Galicia e considerando que afecta directamente ao tratamento das competencias básicas na nosa materia, decide pronunciarse nos seguintes termos:

1. Non existe criterio pedagóxico ningún para o desenvolvemento da competencia matemática no que as nais e pais podan sustentar a escolla lingüística que se lles suxire nas ditas bases. O mantemento da dita escolla podería, porén, impedirle ao alumnado comprender e desenvolver a Ciencia en lingua galega.
2. Ao abeiro do decreto do uso e promoción do galego en vigor, a materia de matemáticas exerceu de canle difusora do vocabulario técnico e das estruturas formais propias do coñecemento matemático en lingua galega. Unha terminoloxía que, doutro xeito, nunca tería chegado ao alumnado nin, por extensión, á sociedade da que forma parte. Consideramos fundamental este labor divulgativo do profesorado de matemáticas para a ubicación da lingua galega nos ámbitos científicos e, daquela, para a súa promoción, para o seu prestixio social e, en definitiva, para o seu uso en liberdade.
3. Durante estes últimos anos tanto o profesorado de matemáticas como as industrias editoriais veñen de realizar un esforzo creativo e de recompilación de recursos didácticos para o ensino das matemáticas en lingua galega. Estes materiais, adaptados ao noso currículo e as nosas circunstancias socio-económicas, parten do propio contexto e realidade do alumnado, o que permite que a aprendizaxe das matemáticas poda desenvolverse coas máximas garantías de calidade.
4. Na materia de matemáticas o tratamento da competencia lingüística ten características propias como son a precisión na linguaxe, a súa concisión, a súa falta de ambigüidade e o exercicio esixente da comprensión lectora na resolución de problemas. Como profesoras e profesores de matemáticas acreditamos que, de maneira xeralizada en núcleos urbanos, existe un grande desequilibrio da competencia lingüística en lingua galega do alumnado con respecto á competencia lingüística en lingua castelá, en favor desta. Un desequilibrio do que as administracións educativas deben ser conscientes para dispoñeren as medidas que correspondan baseándose exclusivamente en criterios técnicos de carácter pedagóxico e sociolingüístico, e dar así cumprimento á lexislación vixente.
5. Dende a nosa experiencia docente observamos que o uso vehicular da lingua galega na materia de matemáticas foi recibido positivamente pola maior parte do alumnado, tanto castelán como galego falante, e que, lonxe de supoñer un atranco á hora de adquirir os coñecementos matemáticos, permítelle ao alumnado mellorar as súas competencias lingüísticas.
6. Con relación á vehicularización da nosa materia nunha lingua estranxeira consideramos que, para que non incida negativamente no desenvolvemento da competencia matemática, debe realizarse nos casos en que os centros dispoñan dos recursos necesarios para facelo, con profesorado de matemáticas cualificado nesa lingua estranxeira, con carácter voluntario e cunha alternativa nunha lingua oficial para que a atención á diversidade fiquen garantida.

En Santiago de Compostela, a 6 de febreiro de 2010.